A Irlanda de Plácido Castro

IRLANDA
IRELAND

BLASKET
ISLANDS
Inishtooskert
Beiginis
Blasket Sound
G. Blasket I.
Tearaght
Inishnabro
Dunquin
Dingle
Slea Head
Dingle Bay

No seu tempo foron moitos os galeguistas que evocaron a xesta irlandesa de comezos do século XX como paradigma do rexurdir do nacionalismo e do celtismo. Non obstante, de entre toda aquela xeración de notables sen volta, só Plácido Castro chegou a pisar realmente aquelas terras, adentrándose nela ata os seus mais afastados confíns.

O relato fotográfico que presentamos inclúe as instantáneas que Plácido Castro, entón con 26 anos, chegou a publicar no diario El Pueblo Gallego entre o 24 de agosto e o 21 de setembro de 1928.

Paisaxe

VISTA DE ACANTILADOS, CON INISHNABRO AO FONDO

PANORÁMICA DUNHA PRAIA, COA ILLA DE TEARAGHT AO FONDO

VISTA DENDE A PENÍNSULA DE DINGLE



PANORÁMICA DA ALDEA DA ILLA DE GREAT BLASKET, CON BEIGINIS AO FONDO

A DUN

Patrimonio histórico

CLONFERT

CRUZ BIZANTINA PURAMENTE CÉLTICA EN CLONMACNOISE

CASTELO DE CLONONEY

RUÍNAS DA IGREXA DAS MONXAS. CLONMACNOISE

RESTOS DUN CASTRO

CLONMACNOISE



CLONMACNOISE

Vida

PREPARANDO AS NASAS PARA A PESCA DA LAGOSTA

PREPARÁNDOSE PARA A FAENA



RAMPLA NA GREAT BLASKET

A ILLA DE GREAT BLASKET E O BARCO TRADICIONAL DE PESCA CHAMADO O “CURRACH”

A ILLA DE GREAT BLASKET

INTERIOR DUNHA VIVENDA

Xente

FIANDO NA ROCA

HABITANTES DA ILLA GREAT BLASKET



O REI

HABITANTE DA ILLA GREAT BLASKET

HABITANTE DA ILLA GREAT BLASKET

Plácido Castro

CASA ONDE NACEU
EN CORCUBIÓN

Orixes

Plácido Ramón Castro del Río naceu en Corcubión, no seo dunha familia acomodada e culta o día 25 de xaneiro de 1902. O seu pai, Plácido Castro Rivas, empresario de minas e armador de buques, foi vicecónsul do Reino Unido, Suecia e Noruega, deputado liberal por A Coruña e un filántropo que dedicou unha grande parte da súa fortuna á realización de obras benéficas.



1ª etapa británica (1908-1930)

Plácido R. Castro foi enviado a estudar ao Reino Unido cando tiña seis anos, formándose no Scarborough College e na Glasgow University, adquirindo unha ampla formación humanista e erudita. Nese tempo comezou a interesarse pola tradución, o xornalismo e o galeguismo. Foi un dos principais coñecedores e valedores da experiencia irlandesa en Galicia que gabou en numerosos textos.

PLÁCIDO NA SÚA ADOLESCENCIA

COLEXIO SCARBOROUGH
(NA ACTUALIDADE)

As vocacións

En 1927 comezou a publicar no xornal *El Pueblo Gallego* as súas "Crónicas desde Londres", con artigos sobre a sociedade, a cultura e a política na Gran Bretaña. Tamén publicou en medios vinculados ás Irmandades da Fala como *A Nosa Terra*, en *Céltiga*, e noutros. En 1927 publica o seu primeiro libro: "La Saudade y el Arte en los pueblos célticos", reivindicando a saudade como sinal de identidade e "instinto da vida".

Compromiso galeguista

En 1930 retorna a Galicia. Moi pronto comeza a colaborar coas "Irmandades da Fala" e, en decembro de 1931, participa na Asemblea fundacional do Partido Galeguista, sendo elixido para o Consello Permanente. Desde ese momento e durante todo o período republicano, Plácido Castro será un importante dirixente do galeguismo. Na Asemblea que o Partido Galeguista celebrou en 1933 foi o membro máis votado para a executiva con 1.654 votos. Concibía o nacionalismo como un credo moderno, un nexo de unión co mundo, a única forma de progresar con identidade.

CON CASTELAO, VILLAR PONTE E OUTROS

Galicia, nación europea



Plácido Castro representou a Galicia no IX Congreso de Nacionalidades Europeas (Berna, 1933). Elixido secretario de Relacións Internacionais do Partido Galeguista, acompañaría a xestación de "Galeuzca". Durante este período, Plácido non deixa o seu labor intelectual, publicando artigos en diversos xornais e traducindo, en colaboración cos irmáns Vilar Ponte, ao Nobel W.B. Yeats. En 1936 participa moi intensamente na campaña a prol do Estatuto de Galicia.

No desterro en Coruxo

A resultas do alzamento fascista de 1936 foi procesado e condenado a inhabilitación absoluta e desterro a máis de cen quilómetros de Muxía, onde fora detido, coa imposición dunha cuantiosa multa. Instalouse en Coruxo (Vigo) onde viviu anos difíciles. Dedica moito tempo ás traducións de poesía inglesa, algunhas premiadas e publicadas na Arxentina. Practica a pintura á acuarela. En 1944 casou en Cambados con Jesusa Sineiro, con quen tivo oito fillos.

CON DARÍO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ E AS RESPECTIVAS ESPOSAS

2ª etapa británica (1945-1955)

Múltiples insatisfaccións e a asfixia política do franquismo fan que Plácido Castro tome a decisión de exiliarse, primeiro en Portugal e despois en Inglaterra. Durante seis anos exercerá como locutor-redactor da BBC e como colaborador do *Jornal de Noticias* de Porto, *La Nación* de Buenos Aires e *Galicia Emigrante*. Participou no *Galician Programme*, o primeiro espazo estable en lingua galega no mundo da radiodifusión.

Retorno a Galicia

Cumprida a condena de inhabilitación, retorna a Galicia, vive en Cambados e incorpórase ao Instituto Laboral de Vilagarcía de Arousa como profesor de Inglés, investigando novos métodos de ensino e elaborando materiais didácticos. Así mesmo retoma a actividade xornalística e comeza a publicar colaboracións en *Diario de Pontevedra*, *El Pueblo Gallego*, e sobre todo, en *Faro de Vigo*. Participou nas actividades de difusión cultural das Festas do Albariño de Cambados e no Ateneo do Ullán.

NA BBC

CON CELSO EMILIO FERREIRO

Tradutor e xornalista

Os primeiros anos sesenta foron moi fecundos para Plácido Castro. Nos seus artigos xornalísticos trataba das máis variadas temáticas, con moi especial atención ás cuestións pedagóxicas, a promoción turística de Galicia e a difusión da cultura anglosaxoa. En 1961 participou na xestación da Romaría Viquinga de Catoira. En 1964 foi nomeado polo Ministerio de Educación como representante español na V Conferencia de Ministros Europeos de Educación, dedicada á ensinanza das linguas vivas, celebrada en Baden (Viena). A súa sensibilidade poética aflora en numerosas traducións, destacando, entre moitas, as de Christina Rossetti.

Os derradeiros anos

En 1965, a revista *Grial* publica a tradución de "As Rubáyiát" de Omar Khayyám, a partir da versión inglesa de Edward Fitzgerald. Nesa mesma publicación aparece en 1967, a título póstumo, un ensaio sobre o poeta e Nobel irlandés W.B. Yeats. En 2001 créase a "Fundación Plácido Castro" para aglutinar os esforzos por recuperar a súa figura e obra, e un pensamento que habilmente combina galeguismo, universalismo e un fondo humanismo.

A Irlanda de Plácido Castro

Seminario

Obxectivos da actividade
Divulgar o relato literario e fotográfico da viaxe de Plácido Castro á Irlanda de 1928 e, en especial, ás illas Blasket.
Significar e promover a proximidade entre Galicia e Irlanda.

Data
Martes 25 de Xuño de 2019

Lugar
Sala de Exposicións Antón Rivas Briones

Coordina
Xulio Ríos

Programa

16:00 Apertura

16:15 *Irlanda en tempos de Plácido Castro*
David M. Clark, Director do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses 'Amergin', Universidade da Coruña

17,00 *O galeguismo e Irlanda*
Uxío Breogán Diéguez-Cequiel, doutor en Historia Contemporánea e profesor na Universidade da Coruña

17,45 Pausa-café

18,00 *A viaxe de Plácido Castro a Irlanda en 1928*
David M. Clark, Director do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses 'Amergin', Universidade da Coruña

18,45 *Relacións culturais entre Galicia e Irlanda: de onte a hoxe*
Manuela Palacios González, Profesora Titular de Literatura Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela
Keith Payne, crítico e tradutor; Lector de Inglés na Universidade de Vigo

19,45 Clausura

Embassy of Ireland, Spain

Concello de Vilagarcía de Arousa

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO